

ORIENTACIÓNS XERAIS

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

De acordo co paradigma multicompetencial no que se fundamenta o deseño curricular actualmente vixente, a materia de **Historia da Música e da Danza** ten un perfil claramente transversal no seu deseño. Os catro bloques de contidos nos que se articula o currículo (Decreto 157/2022) fan referencia a competencias específicas da materia, sexan de carácter historiográfico ou sistemático, ao tempo que abordan competencias de carácter transversal, relacionadas coas capacidades de investigación, reflexión, síntese ou exposición e presentación de resultados e xuízos propios, correctamente fundamentados e construídos. Os catro bloques de contidos: 1- Percepción visual e auditiva; 2- Contextos de creación; 3- Investigación, opinión crítica e difusión; e 4- Experimentación activa, relaciónanse de xeito múltiple cos cinco obxectivos definidos no mesmo currículo, de modo que un mesmo bloque atende a varios obxectivos simultaneamente, e os cinco obxectivos resultan comprendidos no conxunto dos catro bloques de contidos.

O modelo de exame parte da presentación de unha situación de aprendizaxe creada por un texto e unha imaxe, a partir das que o alumnado debe ser capaz de elaborar as actividades propostas nas preguntas 1 e 2, consistentes en respostas de carácter aberto, relacionando coñecementos e creando respostas orixinais que poñan en acción as diferentes destrezas ou competencias adquiridas. A pregunta 3 completa os contidos, saíndo da situación creada para as preguntas anteriores, de modo que o resultado da proba non quede necesariamente condicionado pola situación de aprendizaxe inicialmente presentada. A pregunta 4 diríxese máis especificamente aos contidos relacionados coa historia da danza, se ben tamén se poden tratar estes contidos nas preguntas anteriores, en función da apertura que se poda das ás respostas. É importante subliñar que non existen respostas unívocas, como é obvio en respostas de carácter aberto, e que o alumnado debe utilizar competencias diversas para crear respostas individuais e creativas. Nese sentido é importante desenvolver no alumnado a capacidade para elaborar discursos propios.

En razón do antedito, propónse ao profesorado da materia afondar nas clases neste carácter transversal dos contidos, de modo que se facilite a comprensión e ancoraxe dos conceptos, a partir das actividades prácticas: audición comentada, práctica interpretativa, comentario de textos, contextualización histórica, utilización das posibilidades de acceso á información (fontes sonoras, visuais e textuais) para a exploración e desenvolvemento de contidos, etc.

Conscientes da amplitude dos contidos descritos no currículo desta materia e da facultade dos docentes para desenvolver as estratexias máis axeitadas para acadar os obxectivos prescritos no mesmo currículo, parece aconsellable enfocar un conxunto de obras, así como de textos e outra clase de fontes, como podan ser as visuais e audiovisuais que, dando conta suficientemente daqueles contidos, permitan ao mesmo tempo a aplicación o máis completa posible, dos criterios de avaliación previstos. A valoración dos resultados

obtidos nas probas últimas (2025) levou ao grupo de traballo a acoutar os contidos orientativos aquí propostos respecto dos anteriores, coa finalidade de facilitar no posible a preparación da proba, e tendo claro que non se trata tanto de avaliar a desenvolvidos no currículo, como as competencias que o alumnado debe ter como candidato no acceso á universidade. Nese sentido, é importante promover competencias vencelladas coa capacidade de seleccionar a información pertinente, xerarquizala, relacionala correctamente coa argumentación desenvolvida nas respostas, e presentala dun modo ordeado e comprensible.